



## ANUNCIO

**Obriga dos provedores de bens e servizos do concello de presentar as súas facturas por medios electrónicos.**

### 1º. Obrigados ao uso de facturación electrónica.

Desde o 15 de xaneiro de 2015 están obrigados a presentar facturas electrónicas a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado (FACE) os seguintes provedores de bens e servizos:

- Sociedades anónimas.
- Sociedades de responsabilidade limitada.
- Unións temporais de empresas.

Poderán acceder ao FACE na dirección web <https://face.gob.es/>. No enlace "Consulte o directorio de unidades" da páxina web indicada os interesados poderán identificar os niveis de organización municipal ("oficina contable", "órgano xestor" e "unidade tramitadora") á que dirixir as facturas, así como coñecer os códigos de identificación de cada un dos niveis.

Ao día da data, os niveis de organización municipal do Concello de Porto do Son e os seus códigos son os seguintes:

- **Oficina contable:** LA0001841-INTERVENCIÓN
- **Órgano xestor:** LA0001840-ALCALDÍA
- **Unidade tramitadora:** LA0001843-CONCELLO DE PORTO DO SON

### 2º. Non obrigados ao uso de facturación electrónica.

Non están obrigadas a presentar factura electrónica os provedores de bens e servizos que se relacionan a continuación:

- As persoas físicas.
- As persoas xurídicas non incluídas no apartado 1º anterior.

Non obstante, de modo voluntario, estes contratistas poderán facturar electronicamente con arranxo ao procedemento descrito. Para o caso de que opten por presentar as súas facturas en papel, a partires do 15 de xaneiro de 2015, deberán indicar na parte superior dereita da factura os códigos da "oficina contable", "órgano xestor" e "unidade tramitadora", indicados no apartado 1º deste anuncio.

Porto do Son, 19 de xaneiro de 2015.

  
O Alcalde-Presidente,

Asno. José Luis Oujo Pouso .

